

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e o proxecto de execución, en concreto, das instalacións da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros, localizada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (expediente IN408A 2020/165).

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a seguir:

Solicitante: Enel Green Power España, S.L.

Denominación do proxecto: liña AT 132 kV sub. P.E. Pico Touriñán-sub. P.E. Monte Festeiros.

Concellos afectados: Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (Pontevedra).

Orzamento total (execución material): 2.395.724,23 €.

Obxecto: evacuación da enerxía xerada polo parque eólico Pico Touriñán.



Características técnicas recollidas no proxecto:

Liña aéreo-subterránea, con orixe no apoio nº 1 de entroncamento na subestación do parque eólico Pico Touriñán e final no apoio nº 68 de entroncamento na subestación do parque eólico Monte Festeiros.

Potencia que se transportará: 24,8 MW.

A liña ten una lonxitude total de 22.393,70 m, repartida en tres tramos:

- Primeiro tramo: liña aérea entre os apoios 1 (inicio de liña) e 57 (paso aéreo-subterráneo), de 19.528,80 m de lonxitude total e cotas entre 420 e 831 m, con 3 condutores nus de aluminio con alma de aceiro tipo LA-180 147-AL1/34-ST1A (181,6 mm² de sección por condutor) e cable de garda tipo OPGW (cable combinado de protección e comunicacións) de 180 mm² de sección. Tendidos sobre apoios metálicos de celosía de diferentes tipos con cimentacións de formigón, compostos por perfís de aceiro galvanizado, fuste formado por tramos troncopiramidais de sección cadrada e cabezas de tramos prismáticos de sección tamén cadrada, cos seus correspondentes illadores, ferraxes e sistemas de posta a terra. Discorre polos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda.

- Segundo tramo: liña subterránea entre os apoios 57 e 58 (pasos aéreo-subterráneos) de 139,56 m de lonxitude, con cotas de arredor de 830 m, con 3 condutores RHZ1-OL 76/132 kV 1×630 Al baixo tubo (630 mm² de sección por condutor), e 1 cable de fibra óptica tipo monomodo de 48 fibras (baixo tubo). Discorre polo concello de Silleda.

- Terceiro tramo: liña aérea entre os apoios 58 (paso aéreo-subterráneo) e 68 (fin de liña) de 2.725,34 m de lonxitude total e cotas entre 741 e 792 m, de características técnicas idénticas ás do primeiro tramo. Discorre polo concello de Silleda.

Órgano competente: o órgano competente para autorizar o proxecto da referida instalación eléctrica é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Procedemento de avaliación ambiental: o proxecto da referida instalación eléctrica está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da infor-



mación pública os seguintes documentos: proxecto técnico, estudo de impacto ambiental e proxecto de interese autonómico.

O que se fai público de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para coñecemento xeral, e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos, poidan presentar as súas alegacións no prazo de trinta (30) días, contados a partir do día seguinte ao da última publicación desta resolución.

A consulta da documentación realizarase preferentemente a través da seguinte ligazón da web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación: <https://economia.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica>, na epígrafe Instalacións de xeración. A atención será telefónica no número 986 80 52 11.

Cando sexa indispensable a atención presencial, poderase acudir á Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43, 5^o, 36071 Pontevedra), mediante cita previa no número de teléfono indicado, así como ás dependencias do Concello de Cerdedo-Cotobade (Chan, 11, 36856 Carballedo, Pontevedra, ou praza do Concello, 1, 36130 Cerdedo, Pontevedra), do Concello da Estrada (praza do Concello, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra), do Concello de Forcarei (praza da Igrexa, 1, 36650 Forcarei, Pontevedra) e do Concello de Silleda (rúa Trasdeza, 55, 36540 Silleda, Pontevedra).

Pontevedra, 12 de xuño de 2023

Beatriz López del Olmo
Xefa territorial de Pontevedra

